

COÑECENDO OUTES.



*Patricia Pena Barbeito, Mestra de 3º de EP
CEIP PLURILINGÜE DA SERRA DE OUTES
III Concurso por Proxectos baixo a coordinación (ou participación) da biblioteca escolar
MODALIDADE 2.A*

A. INTRODUCCIÓN.

O presente traballo de investigación foi levado a cabo durante o curso 2015-2016 nunha aula de 3º de EP no CEIP Plurilingüe da Serra de Outes.

Na nosa clase hai escolarizados 21 nenos e nenas. Un deles presenta necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade mental polo que se lle renovou este ano a súa Adaptación Curricular Significativa a un nivel de primeiro de primaria. Outro presenta dificultades de linguaxe e tamén posúe ACS nas áreas de Lingua Castelán e Matemáticas, por último, hai unha nena repetindo curso e outro neno que xa repetiu segundo de EP.

A nosa é pois unha aula heteroxénea onde atopamos alumnado moi variado nas súas capacidades e con dificultades de aprendizaxe. Ante esta situación, e tendo en conta tanto o Decreto 105/2015 de currículo como o 229/2011 de atención á diversidade, temos a xustificación dun cambio metodolóxico que permita a todos e todas avanzar na medida das súas posibilidades e partindo dos coñecementos previos e a realidade próxima.

Pensamos que a verdadeira escola inclusiva será aquela que permita ao alumnado traballar xuntos sendo conscientes das súas potencialidades e onde todos poidan aportar o seu grao de area ao grupo. Así, o traballo colaborativo e cooperativo, a titoría entre iguais e o traballo por proxectos está descrito en innumerable bibliografía e na lexislación galega e estatal como a mellor maneira de permitir e avanzar cara a igualdade de oportunidades e a equidade.

Este traballo está baseado tamén tendo en conta a clasificación das tipoloxías textuais que fai Marunny, na análise das mesmas por parte de Myriam Nemirovsky e, como non, nas competencias clave, sobre todo na de “aprender a aprender” pero tamén na de “aprender a ser”, “a estar” e “a convivir” (La educación Encierra un tesoro, Jack Delors. UNESCO.)

Toda a metodoloxía implementada na aula pretende responder aos principios do contrutivismo e a fomentar o espírito crítico, así como a que os nenos e nenas comecen, dende unha idade temperá, a utilizar procesos de razoamento de orde superior (análise, síntese, resumo, opinións persoais...). Así darase especial importancia á competencia informacional e á alfabetización dixital.

Gustariame destacar que eu como titora son tamén membro do equipo da biblioteca escolar e que a miña labor dentro da aula será servir como guía e asesoramento ás posibles dificultades que van xurdindo.

Os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe son a base da que parten as nosas tarefas e estarán especificados nos dosieres que se elaboran para o alumnado e as familias dos cales iremos poñendo os enlaces nos seguintes apartados. Podemos adiantar, sen embargo, que os máis traballados son aqueles que teñen que ver coa recollida da información e búsqueda guiada en internet, unidos a outros de diferentes áreas de coñecemento e os que falan de convivencia, escoita activa, capacidade de traballo en grupo e autonomía.

As tarefas íranse desenvolvendo durante todo o curso escolar. Aproveitaranse as horas onde estamos dous mestres na aula para poder atender mellor as demandas dos grupo e guiar e asesorar aos que o necesiten. Neste caso contamos con apoios de mestres con dispoñibilidade horaria, a mestra de PT, unha alumna de prácticas durante boa parte do segundo trimestre e a mestre de PROA.

A organización para a realización destes traballos vai depender das tarefas se ben primarase o traballo en grupo e en parellas. O día que máis horas de apoio na aula temos e os xoves polo que se gardará ese día para a realización de tarefas non individuais e de búsqueda en Internet .

Os grupos cooperativos ían a ser os mesmos durante todo o curso pero no último trimestre houbo grupos que non acabaron de funcionar polo que se cambiou a distribución do alumnado. Comezamos poñéndonos un nome simbólico e lendo as funcións que cada un dos integrantes tiña (tendo en conta que xa fun a súa titora o ano pasado e xa traballamos bastante desta maneira esta tarefa foi fácil). Co fin de unir o grupo fixemos un traballo colaborativo. Somos cinco grupos de 4 e un de 5 persoas. Cada un escolleu un nome proposto por min pero elixido por eles do que tamén tiveron que investigar. No principio cada un era un reino da natureza (animal, vexetal, fungui, bacterias e algas) deles fixeron investigacións e carteis identificativos. No último trimestre convertímonos e nutrientes (proteínas, lípidos, hidratos de carbono, sales minerais e vitaminas) cada grupo fíxose cargo dun e elaborou a súa parte de dossier e o seu cartel. O desenvolvemento desta tarefa¹ pódese consultar [AQUÍ](#).

Preténdese tamén que os textos que utilicen sexan de calidade, variados e con un fin social, por iso, a principio de curso, mándaselles traer un libro da casa. O problema xurde cando todos estes libros son de literatura, ningún de tipo expositivo, e ademáis tamén son de baixa calidade. En Nadal, xunto co [tríptico](#) de recomendacións de lectura elaborado polos membros da biblioteca escolar, envíase a cada neno e nena un título para mercar e facer a nosa propia biblioteca de aula. Nesta [LIGAZÓN](#) está a listaxe dos libros que mercaron onde aparecen todo tipo de textos narrativos (poesía, banda deseñada, teatro, conto e álbum ilustrado) e tamén texto expositivo e científico.

Cabe destacar, por último, que todo o traballo é feito a partir de textos reais e que todos os textos que elaboramos e relaboramos pasa por varias etapas²:

- Brainstorming ou **choiva de ideas** en grupo ou de forma individual.
- Creación dun **primeiro borrador**.
- **Revisión de borradores** en pequeno grupo ou entre todos onde se inclúe a búsqueda de erros sobre todo no fondo e na forma de expresarse. En

¹ Se ben esta tarefa non entra dentro do proxecto si que o seu fin é un pequeno proxecto en si mesmo onde se teñen en conta os procesos máis que os produtos finais e nos permite practicar e familiarizarnos con esta metodoloxía tanto a eles coma a min como titora (non son moitas as posibilidades de atopar persoas que traballen dun xeito riguroso a metodoloxía ABP e menos na etapa de Primaria).

² Seguimos para este aspecto as investigacións feitas por Cassany (1987 y 1990) e Camps (1990a, 1990b y 1994) respecto aos procesos cognitivos que se poñen en marcha no acto de escribir : planificación, textualización e revisión.

ocasiões os grupos acuden a revisar as súas propias obras, noutros casos a melloralas. Mentras que esto sucede a clase orgánzanse en rincóns asesorados polos profes de apoio. Algúns destes rincóns son: rincón do supermercado, rincón das multiplicacións, rincón do ordenador, rincón das fraccións, rincón das marionetas, rincón dos dominós... Pódese consultar estas actividades e outras neste [enlace ao meu blog persoal](#).

- **Seguinte revisión de borradores** onde se atopan sinónimos, se cambian palabras que se repiten, se aportan máis ideas, se debate sobre a tipoloxía textual e as súas características ou se corrixen erros de ortografía e xeneralidades de gramática.
- **Texto final**, normalmente en formato dixital, e coa inclusión de todas as aportacións.

B. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTA.

Este traballo xurde dende a biblioteca escolar, da que formo parte. O ano pasado levamos a cabo un proxecto que versaba sobre a nosa mascota que quería ir a coñecer mundo e que se chamou “Saisa e as súas Bibliovíaxes”.

Este curso escolar os membros do equipo da biblioteca consensuamos que nos íamos centrar no noso entorno máis cercano, xa que de nada servía coñecer o que pasa na India (o noso proxecto do ano pasado) se non sabemos o que temos ao lado da porta da casa. Tamén se falou da necesidade de coñecer os protagonistas anónimos que nos rodean e que a veces temos en pouco valor, por iso pensouse que unha boa tipoloxía textual para traballar serían as biografías.

Decidiuse que o proxecto se levaría a cabo no último trimestre, se ben nos empezamos moito antes con el e coas preguntas básicas de inicio para saber os coñecementos previos que tiñan e o que lles interesaba saber e facer.

C. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.

O primeiro que nos plantexamos facer na aula foi uns contos. Esta foi unha proposta feita por min xa que estaba realizando dous cursos, un deles do PLATEGA “O ensino e aprendizaxe da lingua escrita” centrado na aprendizaxe construtivista, e outro, do que son coordinadora, titulado Seminario de “Novas Metodoloxías en Infantil e Primaria” con temática similar ao anterior e onde aprendemos aspectos das tipoloxías textuais e pinceladas do método ABN para as matemáticas.

Como sabía que o tema da biblioteca ía ser “Coñecendo Outes” propuxen que eses contos que íamos escribir tiñan que estar inspirados nalgún lugar de Outes. Aí xa apareceron os primeiros problemas porque comezaron a dicir lugares que non pertencían a este Concello así que vímonos na necesidade de estudar un pouco máis sobre a xeografía e os límites de Outes. Igualmente tiñan moita confusión con termos como vila, cidade, comarca, concello...

Nos días posteriores xuntámonos en grupos e decidimos mirar que cousas interesantes había en Outes e que sabemos do noso concello.

Os resultados destas reflexións foron as seguintes responden ás preguntas: Que sabemos? Que queremos saber? Onde o podemos atopar? Que imos facer? [LIGAZÓN AOS RESULTADOS](#).

D. DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.

Dende a biblioteca escolar fanse varias actividades relacionadas coa alfabetización dixital e a formación de usuarios, trátase de familiarizar a alumnado e profesorado con estas técnicas imprescindibles para levar a cabo a aprendizaxe por proxectos. Todos os grupos do cole visitan a biblioteca para entender como está organizada en dúas salas, a de consulta e de literatura. Ademais dáselles un esquema para aprender a buscar na rede, información relevante sobre como distinguir páxinas fiables ou non fiables, a importancia de citar as fontes de onde se extrae a información, non copiar e reelaborar a información atopada, se as páxinas teñen demasiada información e esta non se entende debemos cambiar de páxina ou libro...

Nos seguintes enlaces pódese ver a [guía de formación de usuarios](#), [exemplos de competencia informacional](#), o [esquema de alfabetización dixital](#) de creación propia e [outros materiais](#) postos a disposición do profesorado do centro e do alumnado.

Para comezar este proxecto os membros da biblioteca realizamos un Google Sites co título [COÑECENDO OUTES](#) coa información atopada na rede. Fálase cos nenos e nenas que esta información é pouca pois Outes non é un lugar moi coñecido, chegamos á conclusión que a nosa maior fonte de información van ser as persoas da zona que serán as que máis coñezan a historia, a xeografía e as características especiais que posúe este concello. Esta información queda anclada na barra lateral do blog da biblioteca dentro da páxina web do cole e ten dous apartados unha información para o profesorado e outro para o alumnado.

Faise unha exposición permanente de libros da biblioteca sobre Outes no corredor que está diante da biblioteca.

Tamén se lles da aos titores pinceladas sobre [como traballar a comprensión lectora](#) nas aulas.

Outros documentos elaborados para o alumnado do centro son [pautas para contar os contos](#) asociada a unha actividade de contacontos nos recreos dos nenos e nenas de 4º, 5º e 6º. Estas recomendacións úsanse cando presentamos os nosos contos o “Día do Libro” ás familias.

Cada tarefa que se fai na aula vai acompañada dun dossier elaborado por min que é enviado ás casas como mostra do noso traballo.

Ademais dende a biblio, repartimos polas aulas xunto coa mascota do colexio, follas de inicio de proxecto como elemento motivador.

E. RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.

Destacar en xeral que, dende o inicio, todas as notas que se envían ás familias para solicitar información están escritas e revisadas por toda a aula. Eles propoñen o contido e eu axúdolles a redactalo mellorando a coherencia interna das mesmas e a forma.

A continuación fago unha relación das tarefas deseñadas. Unhas serán propiamente do proxecto “Coñecendo Outes” e outras estarán relacionadas con el.

Tarefa 1. CONTOS EN OUTES.

Participantes: Alumnado de 3º de Primaria e familias.

Desenvolvemento da tarefa: Desta tarefa xurde o proxecto. Nace, como se explicaba antes, dos cursos que eu estou facendo no CAFI e Platega e, para enmarcala no proxecto decidimos que van a estar localizados en lugares de Outes que eles elixen.

Tipoloxía textual traballada: texto literario, os contos. Para ver como se desenvolve a secuencia didáctica da elaboración de contos pódese consultar o [seguinte enlace](#). Nel aparecen especificados todos os pasos que seguimos. O produto son cinco álbumes ilustrados que se presentarán o Día do Libro diante das familias na biblio do centro. [ENLACE](#)




Os [contos son xeolocalizados](#) utilizando a aplicación “My maps” de Google Maps.

Relacionada con esta actividade visitaranos unha escritora portuguesa afincada no concello da que falaremos dentro da tarefa “Outienses” e tamén realizaremos a obra de teatro de fin de curso “Todo é un conto”.


TAREFA 2: PLENO INFANTIL, coñecemos os nosos gobernantes e os modos de organización política e participación cidadá.

Participantes: Alumnado de 3º e 4º de EP.


Desenvolvemento da tarefa. Cada alumno e alumna trae da casa tres propostas para mellorar Outes. Ao día seguinte xuntámonos en grupo cos nenos e nenas de 4º. Eleximos un nome para o noso partido, un logotipo e un cabeza de lista para ser futuro alcalde ou alcaldesa infantil. Coas propostas de todos elaboramos un programa electoral. Expoñémolo e fanse as votacións. Elexidos os alcaldes e concelleiros elaboramos un [manifesto coas propostas de todos](#) que se le na [sala de plenos do Concello](#) onde somos recibidos polo alcade de Outes. [Visitamos tamén o Parlamento de Galicia](#) como colofón a esta tarefa.



Tipoloxías textuais traballadas: o texto informativo. Co gallo de sair no periódico observamos as diferenzas e semellanzas das novas nos xornais dixitais e no xornal en papel. Lemos a noticia e analizámola. Outro exercicio relacionado con este e que escollemos máis noticias e analizamos as súas partes: nun primeiro momento recortamos os titulares en parellas e despois pasámolo aos do grupo do lado para que as ordenen. Coas temáticas das novas escollidas organizamos debates. Algúns dos temas tratados son os drons, o terrorismo, o sensacionalismo dalgúns titulares... Con outras noticias marcamos as súas partes (Titular, subtítular, foto, pe de foto, autor, axencia...)



Tamén fixemos cadros comparativos para distinguir os textos instrutivos (receitas³) dos informativos.



Igualmente, buscamos nos xornais entrevistas que nos van a axudar a elaborar as preguntas das nosas propias para escribir as biografías de diferentes outienses.

Tarefa 3. ZOOM OUTES.

Participantes: Alumnado de 3º de Primaria.

³ As receitas de cociña foron traballadas no primeiro trimestre a través de diferentes tarefas de “cociña creativa” nas celebracións de Samain e Nadal e que se poden ver nos seguintes enlaces. Estas tarefas inclúen búsqueda de información, inventario do material que nos fixo falta, elaboración dun presuposto, visita ao supermercado, gravación de video-tutoriais...
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipserradeoutes/node/434> <http://www.edu.xunta.es/centros/ceipserradeoutes/node/433>
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipserradeoutes/node/400>

Desenvolvemento da tarefa: Un dos libros que máis nos gustou da biblioteca de aula foi o de Zoom de Itsvan Banyai (Editorial Fondo de Cultura Económica, S.L.) Propóñolles entón facer zoom sobre Outes. Elaboro unha presentación onde aparecen diferentes imaxes, dende a porta da nosa clase ata a galaxia. En grupos, entrégolles estas follas desordeadas con diferentes imaxes e eles teñen que ordealas de máis próximo a máis lonxano. A única premisa que teñen que cumprir e non falar de maneira que teñen que ir colocando todo por orde e sen pronunciar palabras. Esta actividade resúltalles moi divertida ademais de ser moi útil para a organización e o traballo en equipo. Unha vez todo ordeado poñémolo en común. Cada grupo acúpase agora de buscar información para facer un libro de imaxes con textos expositivos ao que lle chamaremos “Zoom Outes”.

Tipoloxía textual: O texto expositivo. Para comezar clasificamos os libros da aula segundo a súa temática e vemos a diferenza entre uns e outros. Despois, coa axuda dos mestres de apoio, buscamos en Internet información do máis cercano ao máis lonxano para ubicar Outes nos mapas: aula (da que elaboramos planos en parellas e da que gravamos un vídeo que mostra o [proceso de organización](#)), colexio, a vila da Serra de Outes (para clarificar termos elaboramos en parellas, e avaliamos cunha rúbrica que se presenta no encerado antes de comezar, un [cadro comparativo](#) entre vilas e cidades a partir da información que aparecía no libro de texto), as parroquias, os concellos, a comarca, a provincia a comunidade autónoma de Galicia, España, Europa, o mundo, o Sistema Solar e a Galaxia.

No [dossier resultante](#) desta tarefa pódense ver os estándares traballados, as rúbricas de avaliación e autoavaliación e o resultado final. Nótese que en todas as páxinas parecen citadas as fontes de información, no que fixemos especial fincapé. Cada texto tivo o seu momento de revisión de borradores. Neste caso, cada grupo veu de forma individual a revisalo connigo mentras os outros traballaban en rincóns. As partes escritas en maiúsculas son as do grupo no que está o neno con NEE que utiliza esa tipografía. Espuxémolo no corredor en frente da biblio xunto cos libros sobre Outes.

TAREFA 4. OUTIENSES.

Alumnado participante: Alumnado de 3º de EP.


Desenvolvemento da tarefa. Partimos das entrevistas atopadas nos xornais e comparámolas coas noticias. Lemos as biografías e pensamos preguntas que habería que facer para que as persoas nos contestaran os datos que queremos saber.

- a) Para familiarizarnos coas biografías iniciamos a lectura da do **poeta Añón**, un dos outienses máis coñecidos. Xa o ano pasado traballáramos sobre el co texto literario, [a poesía](#), e presentando os poemas ao certame que convoca ao Concello no que gañamos dous accésit. Lida a biografía, en grupo, atopamos tres preguntas que teríamos que facer para que nos respostaran eses datos. Tamén lemos poemas.

- Tipo de texto treballado.** Biografías (texto narrativo) e entrevista (texto informativo)

Participantes: Alumnado de 3º de EP

Tipoloxía textual: O texto informativo (publicitario). Para coñecer máis do que é un tríptico a familias aportan modelos e




adicámonos a analizalos en grupos. Para facer o noso decidimos que cada grupo fai unha cariña e, entre todos e todas, a portada. Elixen o tema da súa cariña e busca información. En grupos de novo ponse en común esta información e redáctanse os textos para o produto final. Estes trípticos foron entregados a todo o cole polos nenos e as nenas nos últimos días de clase. [Ligazón ao dossier da tarefa](#). [Ligazón ao tríptico final](#).


TAREFA 7. SANCOSMEIROS (Economía e poboación de OUTES)

Alumnado participante: 3º de EP.

Desenvolvemento da tarefa. Iníciase esta tarefa co envío dunha foto dun sombreiro para as casas e na que se pide que se investigue sobre el. Que é? Onde se fai? E a que sector de produción pertencen as persoas que o fan? Unha vez traída a información sabemos que é un sombreiro Sancosmeiro propio da zona. Con todo o recollido elaboramos [un texto expositivo](#) seguindo a secuencia de sempre, eles aportan información en grupos e eu vou redactando borradores coas súas aportacións ata chegar a un acordo final de clase. As fotos utilizadas neste texto son feitas por min a unha mostra de Sancosmeiro que nos trae unha das compañeiras. Igualmente, e para aprender máis, [visítanos unha señora](#) do municipio para ensinarnos como se fai a trenza e o sombreiro en si.

Relacionado con isto traballamos os sectores de produción: primario, secundario e terciario. En parellas elaboramos un esquema para atopar as ideas clave a partir da información do libro de texto.





Falamos de artesanía polo que tamén nos visitan as persoas de Adibismur Valadares Outes (asociación de persoas con diversidade funcional) a ensinarnos a facer cestería. De todo esto deducimos que ser artesán é un traballo duro e que hai que ter constancia e paciencia para adicarse a este tipo de tarefas.

Interésanos tamén coñecer a que se adican as persoas que viven en Outes por iso eu busco información en Internet e atopo no IGE (Instituto Galego de Estadística) e na páxina de [FORO-CIUDAD](#) gráficos e follas de información que nos permiten averiguar moitos datos. Esta vez de forma individual imos pouco a pouco analizando o significado desa información e elaboramos uns pequenos vídeos. Desta actividade pídenme se poden facer un programa de televisión que se da en chamar OUTES TV no que aparecerá a o documental final deste proxecto e do que falaremos na última tarefa.

Complementariamente e para seguir aprofundando nos sectores de produción visitamos a Casa Grande de Xanceda e aprendemos sobre [gandería e agricultura ecolóxica](#).

- Texto traballado: o texto expositivo.

TAREFA 8. OUTES TV. Con todo o aprendido elaboramos [o documental final e as súas tomas falsas](#) (proposta dos nenos e nenas). Fixemos unha exposición dos traballos realizados por medio de estacións onde as familias ían visitando diferentes stands e escoitando a pequena explicación que lles diron os nenos e nenas, finalmente na sala de audiovisuais fíxose a proxección de OUTES TV. Nesta [ligazón](#) pódense ver algunhas imaxes. Esta foi unha actividade case autónoma pois eles decidiron que dicir na gravacións e que nos postos nos que estaban.

E ADEMAIS....

- [Xornada de convivencia](#) co outro centro do Concello o “CEIP Emilio Navasqués” de Cruceiro de Roo proposto pola mestra de EF. onde visitamos o río Tines, a Ponte do Ruso e o antigo aserradero e central hidroeléctrica.
- [Visita ao Monte Tremuzo](#). Por medio de Rede Eléctrica imos plantar árbores para repoboar este monte que se queimou.
- Coñecemos a historia de Outes da man do alumnado de 5º e 6º que elaboran unha [liña do tempo](#).
- Coñecemos algo máis de [cultura e festas da zona](#) coa exposición dos nenos e nenas de 4º.



F. RECURSOS UTILIZADOS ASÍ COMO UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.

Utilizamos os títulos da biblioteca da aula para diferenciar os textos.

As familias aportan moita documentación e modelos.

[Utilízase a páxina creada dende o equipo de biblioteca.](#)

Consúltase a exposición de libros que falan da nosa localidade da biblioteca do cole, a maioría son libros sinxelos editados polo propio concello ou polo autor

O máis importante é o uso de Internet como fonte de consulta e das fontes orais (esta información van especificada nos dossiers das tarefas nas diferentes ligazóns)

G. IMPLICACIÓN NA COMUNIDADE EDUCATIVA, NO SEU CASO.

A implicación das familias no noso proxecto é boa, se ben é certo que o grao de implicación varía dunhas a outras pero, en xeral, é moi bo. Dende a aula procúrase que estén informadas de todo o que se fai como símbolo de transparencia por iso creamos o blog e, este ano, xustifico o meu traballo por medio de dossiers que informan e mostran o traballo feito a e a súa avaliación. Ademais tamén aportan os exemplos de trípticos para facer o noso e tamén axúdanme a buscar xente para que poida vir dar as charlas.

A mestra de EF prepara unha visita pola contorna axudando a coñecer Outes e tamén a actividade de Rede Eléctrica que nos propoñen dende a dirección do centro.

O alumnado de 4º, 5º e 6º explícanos os seus traballos co que logramos que os nenos e nenas sexan protagonistas das súas aprendizaxes e se relacionen cun obxectivo común.

H. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

A difusión dos traballos fíxose sempre mediante o blog de aula e a páxina web do centro (como se pode ver ao longo desta memoria), enviando ás familias a

información oportuna sobre cada tarefa, coa entrega do tríptico a todo o colexio e coa gravación e exposición pública do documental o último día de clase ás familias. Algunhas actividades como a visita ao Concello saíron na prensa local, así como a visita ao monte Tremuzo.

I. AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVE DO CURRÍCULUM, ENTRE OUTROS ASPECTOS. PROCEDIMENTOS EMPREGADOS.

Procuramos avaliar os produtos finais, así como autoavaliar o noso traballo de forma individual e as aportacións dentro do grupo como se pode ver nas rúbricas que aparecen nos diferentes dossiers.

Estes exemplos de avaliación están traducidos, na maioría dos casos, das que propón o CEDEC.

Tamén fago exames de contidos pois, de momento, intercalamos libros de texto con traballo por proxectos. .

J. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.

Como membro do equipo da biblioteca esta serviu como centro de onde parten as ideas. Ademais da exposición xeral de libros deste tema a biblioteca é o noso lugar de consulta e traballo. Cos grupos visitamos a biblioteca e consultamos os fondos bibliográficos a nivel informativo e documental, citando as fontes e aprendendo a buscar, analizar, resumir e ser críticos. Neste sentido foi útil a xornada de formación de usuarios que se programou dende ela. Tamén algúns grupos acudían a ela a buscar información no ordenador destinado a elo, así tamén se familiarizaban cos recursos cos que contan e que están, en ocasións infrautilizados.

CONCLUSIÓN

Son consciente de que falta moi traballo e formación para facer un traballo por proxectos riguroso, sen embargo, vou pouco a pouco aprendendo e depurando os meus coñecementos para programar de forma sistemática. A avaliación é o meu punto de batalla pois avaliar procesos é moito máis complicado que avaliar produtos ou contidos.

Por outra banda, non é fácil atopar na etapa de primaria a persoas formadas e rigurosas no eido do ABP, todo o que sei é grazas á rede e aos compañeiros/as do Seminario “Novas Metodoloxías en Infantil e Primaria”.

Ademais quedame moito para aprender a xestionar os problemas que xurden nos grupos e como facer traballar e implicar aos estudantes que non queren facelo. Neste sentido nos grupos a súa motivación é maior pero custa que manteñan a atención e participen. Definitivamente as panaceas non existen e seguramente a constancia e o traballo continuado desta maneira de traballar será a mellor forma de poder solucionar estes pequenos problemas.

Ainda así, non me gustaría rematar este traballo sen destacar como mellorou o clima de traballo na aula e como uns nenos e nenas se axudan entre eles. A nosa clase é considerada unha das máis difíciles do colexio pero tamén unha das máis solidarias e onde se axudan máis entre eles (algo do que estou profundamente orgullosa). Tamén destacar a súa capacidade para diferenciar os textos, propoñer o que queren facer e xerar ideas, aprender a ser críticos e a contrastar a información..., en definitiva, aprender a aprender, unha das competencias clave que máis lle vai facer falla ao longo da súa vida.